

Información da Mesa Sectorial do 7 de marzo de 2025

1.- Información sobre os compromisos en materia de persoal para 2025, do “Plan de acción de atención primaria y comunitaria 2025-2027” do Ministerio de Sanidade.

A Directora de RRHH informa que para acceder aos fondos do Plan de acción do Ministerio comprometéronse para este ano 2025 a cumprir 3 obxectivos:

- 1- Publicar a nova oferta de emprego para o ano 2025 incluíndo todas as categorías de atención primaria, excepto a categoría de dietista-nutricionista que se incluírá na oferta de emprego do 2026.
- 2- Implantar accións sobre postos de difícil cobertura, que se negociará neste primeiro semestre de 2025.
- 3- Realizar os cambios necesarios para realizar chamamentos prioritarios en AP para prazas de enfermeiro/a con persoas co título de especialista en enfermaría familiar e comunitaria.

CIG-Saúde amosamos a nosa preocupación pola categoría de **dietista-nutricionista que viron mermado o nº de profesionais** pero tamén as condicións de traballo dos mesmos. Denunciamos a dispersión dos centros aos que debe acudir a persoa traballadora con distancia de ata 70 km entre centros, sen que reciban ningún tipo de contraprestación.

2.- Outros

CIG-Saúde denunciámos o retraso na actualización das listas de contratación. O Subdirector explica que houbo un volume importante de recursos de reposición na OPE, o que levou a que lle dean prioridade a estes demorando as listas de contratación.



CIG-Saúde denunciámos que non se está a dar a resposta necesaria en relacións ás agresións que se produciron na Coruña coa aplicación dos protocolos existentes nin con medidas preventivas. Solicitamos que se implanten medidas preventivas de maneira urxente, e solicitamos tamén que se traslade á representación sindical os informes e a análise causa raíz.

